

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA



Varios
autores



ACLIMATARNOS: EL CAMBIO CLIMÁTICO, UN PROBLEMA DE SALUD PÚBLICA: GUÍA DIDÁCTICA SOBRE ADAPTACIÓN AL CALOR.
Instituto de Salud Carlos III, 2021.

Este material inclúe conceptos básicos relacionados co cambio climático e as afeccións á saúde que provocan as ondas de calor. Tamén se tratan aspectos sociais como os diferentes factores de vulnerabilidade e explícase como se poden minimizar os impactos das ondas de calor a través da adaptación. A guía inclúe unha proposta de actividades para que o profesorado poida traballar estes temas co seu alumnado para asentar estes coñecementos.

Descárgao en



bit.ly/46vVamD

METEOROLOGÍA, EDUCACIÓN Y DIVULGACIÓN EN EL ÁMBITO NACIONAL (MEDINA): UNIDADES DIDÁCTICAS. Agencia Estatal de Meteorología Madrid, 2023.

O equipo de divulgación científica de AEMET, grupo MEDINA, elaborou unhas unidades didácticas sobre meteoroloxía e clima que responden á necesaria actualización dos contidos curriculares do ensino. Nelas se recollen aspectos como a atmosfera, a meteoroloxía e climatoloxía, as estacións do ano, o cambio climático, ou o ciclo da auga, entre outros.



Varios
autores

Descárgao en



bit.ly/46Lb4Zj



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



**DOMINGO
QUIROGA**
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN



**Deputación
DA CORUÑA**



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA





Varios
autores



NUEVA CULTURA DE LA TIERRA. Libros en Acción, Área de Educación de Ecologistas en Acción, 2024.

Como educamos para un futuro xusto e sostible? A resposta está neste proxecto de Ecologistas en Acción que propón repensar a nosa forma de habitar o planeta. Baseado en 7 ideas clave como o decrecemento, a xustiza ambiental ou a resiliencia comunitaria, este material busca empoderar a docentes, alumnado e axentes educativos para actuar ante a crise ecosocial. Non só ofrece un diagnóstico da crise actual, senón que tamén propón alternativas viables e estratexias concretas para mobilizar e transformar a nosa cultura. Inclúe: Guías didácticas para Primaria, ESO e Bacharelato e materiais para educación non formal.

Descárgaos en



[Libro Nueva Cultura de la Tierra](#)

[Material educativo estudiantes primaria](#)

[Guía profesores primaria](#)


[Material educativo estudiantes ESO-Bacharelato](#)

[Guía profesores ESO-Bacharelato](#)

[Guía educación non formal](#)



Irene Fdez de
Tejada, María
Bellet, Esther
García Gillén



EXPLORADOR POR UN DÍA. TALLERES DE BOTÁNICA. Real Jardín Botánico, CSIC, 2010.

O Real Xardín Botánico elabora materiais didácticos para facilitar o estudo da botánica e outras temáticas relacionadas (insectos, ecoloxía, cambio climático). Este material é o caderno de campo para o desenvolvemento dun dos talleres escolares. Son actividades prácticas e interactivas nas que os alumnos/as teñen un contacto directo co mundo das plantas. Puidendo recrear así o traballo de campo dun botánico como recolectando material vexetal, a confeccionando un herbario ou descubriendo novas especies.

Descárgao en



bit.ly/3VJpKmE

UN MAR DE PREGUNTAS. Ed. Galaxia, 2025.

Para que serve una balea? Canta forza ten o mar? Cantas especies habitan os océanos? Porque soben e baixan as mareas? Estas e moitas outras preguntas teñen resposta neste libro sobre o mundo mariño, con ilustracións que espertarán a imaxinación e explicacións claras e sorprendentes baseadas no rigor da ciencia e do que hoxe coñecemos do mar. En cada páxina aprenderán algo sobre os misterios do grande azul e comprenderán por que debemos coidalo. Para empaparse coas súas páxinas e poder coñecer, amar e conservar os nosos mares.



Javier
García,
Roque
Araújo (il.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Coleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Moaña, Cedeira, Fene, Muros, Ribadumia](#)



Eva
Manzano,
Mónica
Gutiérrez



LO QUE IMAGINA LA CURIOSIDAD. Libre
Albedrío, 2017.

Este libro é unha invitación para expor hipóteses baseadas na imaxinación, que aínda que sexan absurdas e divertidas, haberá que argumentalas coma se fosen os descubrimentos máis serios do mundo. Trátase de deixarse guiar pola intuición e o bo humor. Unha homenaxe á curiosidade que nos leva a descubrir o mundo. Ao impulso que une os sentimentos cos pensamentos, os estímulos coa contorna, a mente co corpo. E segue un camiño de ida e volta, da realidade á imaxinación.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Muros, Ourense, Vilalba, Rianxo](#)

XELA: AVENTURA NA FRAGA. Inma Soto, 2024.

Un conto para mergullarse na natureza. A protagonista convida a unha aventura para espertar a sensibilidade e apego polo mundo que nos rodea. A través dos descubrimentos de Xela, unha nena valente e curiosa, os lectores resolverán unha misteriosa desaparición mentres van descubrindo a beleza e a biodiversidade que nos rodea. Plumas, pegadas e heces axudarán a atopar de que animal se trata. Mergúllate nesta lectura e acompaña a Xela na súa aventura!



Inma
Soto,
Clara
Cerviño(il.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Barbadas, Lugo, Allariz, Monterroso](#)

Cristian
Moyano,
Irene
Cuesta
(il.)



ASILVESTRARSE: VOLVER A LO SALVAJE. CSIC, 2025.

Informar a familiares e amizades sobre a decisión de “asilvestrarse” pode xerar inquietude. Este concepto non implica vivir nas árbores nin integrarse a grupos de animais salvaxes. Refírese a un cambio na forma de observar e actuar, co obxectivo de favorecer a rexeneración da natureza e permitir que desempeñe as súas funcións ecolóxicas esenciais. Este volume é o terceiro título da colección ‘Mentes Curiosas, Curiosas Mentes’, orientada á divulgación científica para o público infantil e xuvenil

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Santiago, A Coruña, Vigo, Ourense](#)

TRAS LOS PASOS DE DARWIN. Tranjis Games, cop. 2023.

Vinte anos despois da súa viaxe ao redor do mundo, Charles Darwin, está a escribir “A orixe das especies”. Necesita recompilar nova información sobre a vida animal. Quen mellor que mozos naturalistas para axudar ao renombrado científico a terminar a súa obra mestra? Con este xogo de mesa, vivirán a emoción dos descubrimentos, explorarán novos territorios e axudarán a Darwin a completar a súa obra.



Grégory
Grard,
Matthieu
Verdier,
Maud Briand (il.),
David Sitbon (il.)

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA\(Oleiros\)](#)



BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>